

## BENESTAR E FELICIDADE: RELACIÓN COA RENDA E CO CAPITAL SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS

ROSARIO DÍAZ VÁZQUEZ / MARTA PORTELA MASEDA / ISABEL NEIRA GÓMEZ  
Universidade de Santiago de Compostela

*Recibido:* 6 de xuño de 2011

*Aceptado:* 14 de xullo de 2011

---

**Resumo:** O estudo da felicidade suscitou a necesidade de considerar, ademais da renda, outros factores explicativos da satisfacción dos individuos que deberían ser tidos en conta se os obxectivos son a maximización do benestar social e a mellora da calidade de vida. O obxecto do noso traballo é dobre. En primeiro lugar, estudamos a relación entre a felicidade e outros conceptos vinculados, como a utilidade e a calidade de vida. Isto permítenos comparar tres criterios que foron propostos como guía para as actuacións públicas –maximizar a utilidade, maximizar a felicidade e mellorar a calidade de vida– e determinar o papel da renda e doutros factores en cada un deles. En segundo lugar, levamos a cabo un estudo empírico da relación do benestar subxectivo coa renda per capita e co capital social. Para isto, realízase unha análise descritiva dos datos e estímase un modelo econométrico con datos agregados dun conxunto de países europeos.

**Palabras clave:** Benestar / Felicidade / Capital social.

### WELFARE AND HAPPINESS: INFLUENCE OF INCOME AND SOCIAL CAPITAL IN EUROPEAN COUNTRIES

**Abstract:** The research on happiness has raised the need to take into account other factors than income if the objectives are to maximize social welfare and to improve the quality of life. Our work has two aims. First, we study the link between happiness and other related concepts as utility and quality of life. This allows us to compare three criteria that have been proposed as a guide for public policy –maximizing utility, maximizing happiness and improving quality of life– and determine the role of income and other factors in each of them. Secondly, we carry out an empirical analysis of the relationship between subjective well-being, income per capita and social capital. To this end, we make a descriptive analysis of data and estimate an econometric model for a sample of European countries, using aggregate data.

**Keywords:** Well-being / Welfare / Happiness / Social capital.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

É un feito que o incremento do PIB no longo prazo é un obxectivo prioritario dos gobernos, e iso débese a que a renda foi considerada, tanto no campo político como no da ciencia económica, un bo indicador do benestar económico e, por extensión, do benestar social. Con todo, este suposto foi posto en dúbida en numerosas ocasións e, en consecuencia, criticouse a preeminencia do obxectivo crecemento económico ante outros intereses ou necesidades sociais que tamén inflúen na calidade de vida dos individuos. Polo tanto, resulta relevante preguntarse ata que punto é a renda un bo indicador do benestar, se é un bo criterio para a orientación das políticas económicas ou se é necesario ter en consideración outros factores determinantes do benestar. Neste contexto, teñen un grande interese as achegas que se están realizando na investigación sobre o benestar subxectivo –felicidade e satisfacción coa vida–, tanto desde outras disciplinas como desde a propia ciencia económica.

É constatable o aumento do interese polo estudo do benestar subxectivo e dos seus determinantes entre os economistas. A proliferación de enquisas mundiais, derivadas do ámbito da socioloxía, permite dispoñer dunha batería de indicadores que levou a reputados economistas como Layard (2005) a concluír que xa podemos medir a “felicidade”. A dispoñibilidade de datos comparables, unido ás técnicas estatísticas e econométricas, potenciou unha crecente literatura neste ámbito, na que a satisfacción dos traballadores ou da propia sociedade no seu conxunto se converte en obxecto de estudo para os economistas, encadrándose no que xa se denominou a “economía da felicidade”.

Entre as razóns que, seguindo a Frey (2008), xustifican este interese dos economistas podemos destacar as seguintes: a identificación dos determinantes da felicidade, a comprensión da natureza da felicidade e do concepto da utilidade, a contrastación de teorías e predicións, e a mellora da política económica.

Precisamente, o estudo da natureza e dos determinantes da felicidade suscitaron a necesidade de considerar, ademais da renda, outros factores explicativos da satisfacción dos individuos que deberían ser tidos en conta se os obxectivos son a maximización do benestar social e a mellora da calidade de vida.

O traballo que presentamos sitúase nesa liña. O noso obxectivo é dobre. En primeiro lugar, na sección 2 preguntámonos que relación existe entre o benestar subxectivo e outros conceptos vinculados con el, como son a utilidade e a calidade de vida, o que nos permite a comparación de varios criterios que se formularon na literatura económica para guiar e avaliar as actuacións públicas –maximizar a utilidade, maximizar a felicidade e mellorar a calidade de vida– e, con iso, a análise do papel que desempeñan outros factores, ademais do incremento da renda. En segundo lugar, na sección 3 estudamos a relación empírica do benestar subxectivo coa renda *per capita* e co capital social. Para iso, comezamos cunha análise descritiva dos datos para, a continuación, estimar o modelo econométrico cos indicadores de benestar subxectivo como variable dependente. Esta análise realízase para un conxunto de países europeos desde unha perspectiva agregada. Por último, na sección 4 recolleemos as principais conclusións.

## 2. BENESTAR, UTILIDADE, FELICIDADE E CALIDADE DE VIDA

Como xa indicamos, entre as diferentes razóns citadas por Frey que xustifican o interese do estudo da felicidade figura o feito de que “*permite mellorar a política económica*”. Certamente, sempre houbo unha preocupación, tanto no terreo político coma no académico, por dispoñer dun criterio que permitira valorar a conveniencia das políticas públicas, o que deu lugar a múltiples achegas tanto desde a economía como desde outras disciplinas científicas. Por esta razón, consideramos de interese localizar nese contexto a contribución que poida derivarse da investigación no benestar subxectivo e, para iso, resulta necesario comprender a relación que existe entre a felicidade e outros conceptos que habitualmente se utilizan para definir eses criterios, tales como o benestar, a utilidade ou a calidade de vida.

Esta tarefa non está exenta de dificultades, xa que na literatura científica existe unha gran confusión sobre o significado preciso dos termos “benestar”, “utilidade”, “benestar subxectivo”, “felicidade”, “satisfacción coa vida” e “calidade de vida”. É habitual que uns se definan en función dos outros, o que conduce a que nunhas ocasións se utilicen indistintamente co mesmo significado<sup>1</sup>, mentres que noutras se lles asignen significados diferenciados<sup>2</sup>.

Dado que todos os termos citados aparecen vinculados dunha forma ou doutra á idea de benestar, optamos por tomar este como referencia para abordar a consideración dos restantes na literatura económica. Evidentemente, o concepto “benestar” non está libre de ambigüidades<sup>3</sup>, pero precisamente por isto adoptamos a suxestión de Gasper (2004, p. 7) de “*ver o benestar como unha noción global [umbrella term]*” ou, dito doutro modo, como unha abstracción que se refire a calquera dos aspectos ben valorados da vida (Travers e Richardson, 1993). Desde esta perspectiva, analizamos como esta noción abstracta se foi concretando nos restantes conceptos, cinguíndose aos aspectos que adquiriron unha maior relevancia na literatura económica e subliñando as implicacións de cada un deles para a avaliación das políticas públicas. En concreto, centrámonos en tres puntos: a) o benestar como preferencias satisfeitas, b) o benestar subxectivo, e c) o benestar e a calidade de vida.

## 2.1. O BENESTAR COMO PREFERENCIAS SATISFEITAS

A corrente dominante en economía ten a súa base filosófica no utilitarismo. Como lembran Sánchez e De Santiago (1998, p. 17): “*El utilitarismo es una corriente de la filosofía moral que se basa en la idea de que lo bueno es aquello que proporciona placer o felicidad a los seres humanos, y lo malo aquello que genera dolor o infelicidad*”. Como puntualizan estes autores, esta perspectiva non debe identificarse co egoísmo, e de feito para a maioría dos utilitaristas a felicidade individual é complementaria da felicidade dos outros: “*La felicidad, cuando es auténtica, se puede identificar con el bienestar individual a largo plazo. Es decir, hay que entenderla como un proyecto vital cuya realización exige tener en cuenta las interrelaciones con los demás*”.

<sup>1</sup> Resulta representativa a seguinte frase de Easterlin (2001, p. 206) que reproducimos en inglés: “*I use the terms happiness, subjective wellbeing, satisfaction, utility, well-being, and welfare interchangeably*”.

<sup>2</sup> É máis, mesmo se seleccionamos calquera deles, atopamos múltiples definicións deste que van desde a noción máis xeral ata significados relacionados con aspectos vitais específicos, significados que xorden, entre outras razóns, pola dificultade de aplicar na práctica a acepción máis xeral. Ante esta profusión de definicións, Veenhoven (2000) proporciona un esquema co obxecto de clarificar o significado do concepto “calidade de vida”, tal e como fai Gasper (2004) co concepto “benestar”.

<sup>3</sup> Seguindo a Gasper (2004), o benestar identifícase no utilitarismo co pracer (*well-feeling*) que, á súa vez, é reducido na corrente económica convencional a ter unha posición acomodada financeira ou materialmente (*being well off, well-having or having much*). Por outra parte, na tradición aristotélica o benestar identifícase con vivir unha vida boa (*well-living*), o que, á súa vez, permite incluír múltiples aspectos como os relacionados co pensar ou co facer (*well-thinking, well-doing*).

Porén, o pensamento económico estándar non se asenta sobre esta visión ampla da utilidade. En efecto, por unha parte, optou por unha interpretación “egoísta” e, por outra parte, como subliña Frey (2008, p. 15), a teoría económica estándar considera que a utilidade individual depende exclusivamente dos servizos e bens tanxibles e do lecer e, ademais, apóiase sobre o suposto de que esa utilidade se infire do comportamento dos axentes –preferencias reveladas–: “*A axiomática do enfoque das preferencias reveladas sostén que as eleccións realizadas proporcionan toda a información requirida para inferir a utilidade dos resultados*”.

Este utilitarismo converteuse nunha peza clave do enfoque económico convencional fundamentalmente por dúas razóns (Sánchez e De Santiago, 1998, pp. 22-23): en primeiro lugar, porque permitiu a construción do *homo economicus* –racional, maximizador da súa utilidade– e, en segundo lugar, porque xerou un campo de debate –a economía do benestar– sobre a posibilidade de establecer criterios “obxectivos” –libres de xuízos de valor– que permitiran avaliar a idoneidade das políticas económicas dos gobernos para mellorar o benestar social. Neste contexto, o benestar social defínese en termos xerais como “*una media, ponderada de una forma u otra, de las utilidades de los individuos que forman la sociedad*” (Sánchez e De Santiago, 1998, p. 172).

En relación co segundo punto, nas orixes da economía do benestar –fundamentalmente nas achegas de Pigou–, o incremento do benestar social vincúlase ao incremento do benestar económico ou material, e considérase que este pode aumentar a través de dúas vías (Fernández Díaz, Parejo Gamir e Rodríguez Sáiz, 2005, p. 48): mellorando a *eficiencia* na asignación de recursos e mellorando a *equidade* na distribución da renda –ou, dito doutro modo, incrementando a renda nacional e distribuíndoa mellor–. En tanto que o primeiro obxectivo é, en xeral, compartido polos economistas, o segundo é máis controvertido, xa que introduce comparacións interpersoais de utilidade. Se se ten en conta que logo da “revolución ordinal” predominou na economía a concepción non mensurable da utilidade, a realización de comparacións interpersoais de utilidade implica, en consecuencia, a introdución dun xuízo de valor, o que non foi ben aceptado polos economistas por afastarse da obxectividade científica. Este debate ergueu o criterio de Pareto no seo da economía do benestar. Segundo este criterio, unha asignación é mellor que outra se alguén mellora e ninguén empeora, condición esta que evita as comparacións interpersoais de utilidade<sup>4</sup>. Agora ben, a dificultade para aplicar este criterio na práctica da avaliación das políticas –sempre hai alguén que empeora– conduciu ao desenvolvemento doutras liñas dentro da economía do benestar –os criterios de compensación e as funcións de benestar social–, que na vía paretiana exploraron as posibilidades da formulación ordinal pero que, en definitiva, se toparon sempre coa imposibilidade de evitar as comparacións interpersoais de utilidade cando se trataba de xulgar as actuacións públicas.

<sup>4</sup> Agora ben, como lembran Sánchez e De Santiago (p. 198), evita as comparacións interpersoais de utilidade pero non os xuízos de valor, porque o propio criterio de Pareto é un conxunto de xuízos de valor.

## 2.2. O BENESTAR SUBXECTIVO

Mentres que o predominio da formulación ordinal no enfoque económico estándar supuxo o rexeitamento á posibilidade de medir a utilidade e, polo tanto, ás comparacións interpersoais de utilidade, as achegas desde outros campos científicos –en especial desde a psicoloxía– avanza na mensurabilidade do benestar individual. Ademais, sinalan que o comportamento observado é un indicador incompleto do benestar individual, o que impediría inferir a utilidade dese comportamento (Kahneman, Wakker e Sarin, 1997). En consecuencia, a mellor forma de coñecer esa utilidade é preguntándolles directamente aos individuos polo seu grao de satisfacción<sup>5</sup> –ou utilizando algunha das técnicas de medición que proporciona a psicoloxía–. É nesta perspectiva na que se sitúan os estudos sobre o benestar subxectivo. Segundo Frey (2008, p. 15), este enfoque abre un camiño complementario ao da análise económica convencional porque, entre outras razóns, a posibilidade de medir directamente o benestar individual permite unha interpretación hedonista da utilidade no seu sentido máis amplo.

Cómpre precisar que o benestar subxectivo pode medirse de diferentes formas. Adoita distinguirse entre dous tipos (Engelbrecht, 2009, p. 382): 1) o benestar subxectivo asociado a emocións agradables a miúdo de curta duración, o feito de sentirse ben –benestar hedónico ou felicidade–, e 2) a satisfacción que se deriva de sentirse realizado na vida, de vivir unha vida boa –benestar eudaimónico ou satisfacción coa vida–. Aínda que estes dous tipos soen identificarse, debe puntualizarse que a satisfacción coa vida garda unha maior relación coas metas persoais e cos xuízos cognitivos que coas emocións. Neste sentido, resulta de interese, como destaca Engelbrecht, o feito de que Inglehart, Foa e Peterson (2008) atopasen que o nivel de satisfacción coa vida dunha sociedade é máis sensible ás condicións económicas que á felicidade.

Frey (2008, p. 6) destaca dúas vías a través das cales a investigación sobre o benestar subxectivo pode contribuír ao núcleo da economía: en primeiro lugar, porque permite mellorar o noso coñecemento sobre a utilidade e sobre o comportamento “maximizador” dos individuos e, en segundo lugar, porque permite discriminar entre teorías que coinciden nas súas predicións sobre o comportamento dos axentes, pero que difiren nos seus efectos sobre o nivel diferente de utilidade para os individuos.

Ao anterior cómpre engadirlle, aínda que desde outra perspectiva, a contribución que a investigación do benestar subxectivo pode facer á mellora da política económica. Dadas as dificultades para aplicar o criterio de Pareto, resulta necesario dispoñer dunha avaliación dos efectos netos en termos de utilidades individuais.

Agora ben, hai destacados investigadores da felicidade –como, por exemplo, Kahneman, Wakker e Sarin (2004)– que van máis alá e que, tomando en conside-

<sup>5</sup> A *experienced utility* fronte á *decision utility*, segundo Kahneman, Wakker e Sarin (1997).

ración as críticas ao PIB como indicador do benestar social, propuxeron como alternativa a creación dun Indicador de Felicidade Nacional baseado en medicións do benestar subxectivo. Isto suporía a materialización dunha función de benestar social que debería ser maximizada polas autoridades. Entre as vantaxes deste indicador figura que incorporaría aspectos non materiais do benestar humano. Porén, Frey (2008, pp. 162 e ss.) non considera adecuada esta proposta por numerosas razóns, entre as que figura o feito de que non evitaría os problemas de agregación, de asignación de ponderacións e de comparacións interpersoais de utilidade que se formularon na economía do benestar ás funcións de benestar social. Para este autor (Frey, 2008, p. 168), a política económica debe axudar a establecer as institucións que conducen a satisfacer da mellor maneira posible as preferencias individuais e, desde esta perspectiva, o papel que pode desempeñar a investigación na felicidade para axudar a maximizar o benestar social debe consistir en proporcionar coñecementos sobre como e ata que punto as institucións afectan ao benestar individual.

### 2.3. O BENESTAR E A CALIDADE DE VIDA

A expresión “calidade de vida” alcanza popularidade nun contexto non académico –asociado fundamentalmente á percepción do empeoramento dalgunhas condicións de vida a medida que avanza o proceso de industrialización– pero, como lembran Bono, Náchter e Tomás (2000, p. 755), adquiriu carta de natureza “*como criterio y, a la vez, como objetivo que orienta la actuación de individuos, familias y sociedades*”, atraendo a atención dos expertos.

Como xa indicamos, non hai acordo sobre o que debe entenderse por calidade de vida. Aínda así, pode afirmarse que unha das achegas máis destacables da literatura sobre este tema foi a de volver poñer no centro do debate a necesidade de considerar tanto os aspectos “subxectivos” coma os aspectos “obxectivos” do benestar, e con iso a preocupación polas necesidades humanas e a súa satisfacción, poñendo de manifesto as limitacións para orientar as políticas dos enfoques baseados exclusivamente nas percepcións subxectivas do benestar.

Neste sentido, cómpre lembrar que os enfoques mencionados nos puntos anteriores se apoian sobre o suposto de que cada individuo é o mellor xuíz do seu propio benestar. Pero esta premisa formula cando menos dous inconvenientes, que poden ser especialmente relevantes se se trata de obter un criterio que guíe as actuacións públicas: en primeiro lugar, o benestar individual pode estar influído por tendencias destrutivas ou mesmo autodestrutivas e, en segundo lugar, permite xustificar actuacións controvertidas desde o punto de vista da xustiza e da equidade. Isto último podería suceder, por exemplo, no caso de que os grupos máis acomodados expresasen unha maior insatisfacción que os máis desfavorecidos, xustificándose con isto a aplicación de políticas que empeorasen a distribución da renda e da riqueza. É por isto polo que nalgúns ámbitos se estima ineludible a consideración dos aspectos “obxectivos” do benestar ou, dito doutro modo, das necesidades

–materiais ou inmateriais– que deberían atenderse para asegurar unha vida digna, independentemente da satisfacción expresada polo individuo<sup>6</sup>.

Estas formulacións deron lugar a unha literatura que ten un importante piar na concepción do benestar de Sen (1993) –baseado nos “funcionamentos” e “capacidades”–, pero que avanza algo máis tratando de confeccionar unha lista de capacidades funcionais básicas (Nussbaum, 2000) ou, desde outra perspectiva, de establecer unha lista de necesidades humanas axiolóxicas que deben ser satisfeitas (Max-Neef, 1993). Este tipo de reflexións tiveron o seu reflexo no Índice de Desenvolvemento Humano elaborado polas Nacións Unidas.

Agora ben, do dito non debe deducirse que exista un consenso xeneralizado sobre a superioridade dun enfoque “obxectivista”, xa que moitos autores non se senten cómodos co feito de que o individuo non sexa o único que valora o seu benestar ou a súa calidade de vida, situándose, pola contra, nunha perspectiva “subxectivista” (Ruta, Camfield e Donaldson, 2007). Estas diferenzas tamén quedan reflectidas na variedade de definicións da calidade de vida<sup>7</sup>.

Ante este panorama, algúns autores intentan achegar unha definición de calidade de vida que integre tanto as condicións obxectivas –necesidades– como os aspectos subxectivos do benestar. Como exemplo, recollemos a proposta por Costanza *et al.* (2007): *“Calidade de vida é o grao en que as necesidades humanas obxectivas son satisfeitas en relación coas percepcións, persoais ou de grupo, de benestar subxectivo (...). As necesidades humanas son necesidades básicas de subsistencia, reprodución, seguridade, afecto, etc. (...). O benestar subxectivo valórase polas respostas de individuos ou grupos a preguntas sobre a felicidade, a satisfacción coa vida, a utilidade ou o benestar [welfare]. A relación entre as necesidades humanas específicas e a satisfacción percibida con cada unha delas pode verse influenciada pola capacidade mental, o contexto cultural, a información, a educación, o temperamento e os gustos, a miúdo de forma bastante complexa. Ademais, a relación entre a satisfacción das necesidades humanas e o benestar subxectivo conxunto está afectado polas ponderacións (variables no tempo) que individuos,*

<sup>6</sup> Estas preocupacións quedan suficientemente representadas na seguinte frase de Sen (1993): *“Considérese una persona en situación de suma desventaja, que sea pobre, que esté explotada, de quien se abuse laboralmente y que se sienta enferma, pero a la que las condiciones sociales han hecho considerarse satisfecha de su suerte (por ejemplo a través de la religión, de la propaganda política o de la atmósfera cultural dominante). ¿Podemos acaso creer que, porque se encuentra feliz y satisfecha, lo esté pasando realmente bien? ¿Puede considerarse alto el tenor de vida de una persona, cuando la vida que lleva está llena de privaciones?”*.

<sup>7</sup> Por exemplo, a definición que propoñen Ruta, Camfield e Donaldson (2007, p. 402) baséase na valoración que o propio individuo ten sobre a diferenza entre as súas capacidades reais e as súas expectativas: *“A calidade de vida é a brecha entre o que unha persoa é quen de facer e de ser, e o que lle gustaría facer e ser; en esencia, é a brecha entre capacidades reais e expectativas”*. Como eles mesmos afirman, *“só a persoa que vive esa vida é a adecuada para xulgar a súa calidade”*. Por outra parte, a definición de Bono, Nácher e Tomás (2000, p. 762) fai un especial fincapé na satisfacción de necesidades: *“Entenderemos el concepto calidad de vida como un constructo social que se refiere al conjunto de las condiciones de vida de las personas y su grado de satisfacción en relación con los patrones y valores sociales y culturales dominantes, e incluye la satisfacción de necesidades materiales y físicas (medio ambiente, vivienda, salud, etc.) o sociales (educación, cultura), las cuales interactúan entre sí, de modo que no es posible considerarlas aisladamente, pues cada una de estas necesidades adquiere significación funcional en relación con el conjunto”*.

*grupos e culturas lle dan á satisfacción de cada necesidade humana en relación coas outras”.*

Segundo os autores, partindo desta definición, o papel da política é crear as oportunidades para que poidan satisfacerse as necesidades humanas, entendendo que existen diversos modos de logralo. Ademais, consideran que as oportunidades se constrúen a partir de catro tipos de capital: capital construído, capital humano, capital social e capital natural. A política e a cultura axudan á asignación destes tipos de capital, proporcionando así as oportunidades.

En conclusión, fronte ao criterio económico estándar que se materializa no incremento da renda, fórmulanse na literatura outros criterios, como son a maximización da felicidade e o incremento da calidade de vida, que supoñen a consideración doutros factores adicionais á renda que inciden no benestar, no seu sentido máis amplo, dos individuos e das sociedades. Entre eles, citáronse a influencia das institucións e do capital social no benestar subxectivo e na calidade de vida.

### **3. O BENESTAR SUBXECTIVO: ANÁLISE EMPÍRICA DA SÚA RELACIÓN CO NIVEL DE RENDA E CO CAPITAL SOCIAL**

O estudo da felicidade ou do benestar subxectivo a nivel empírico non é recente, incorporándose os economistas nas últimas décadas a un tema amplamente tratado polos psicólogos, polos sociólogos ou polos propios filósofos clásicos. A relación entre determinadas características individuais e a felicidade vén sendo explorada desde a década dos anos setenta (Easterlin, 1974). Desde aquela foron numerosos os traballos que analizaron diferentes aspectos da felicidade: os seus determinantes (Oswald, 1997; Veenhoven, 2005, 2009; Frey e Stutzer, 2002a, 2002b; Ahn e Mochón, 2010; Cuñado e Pérez de Gracia, 2010; Pena López e Sánchez Santos, 2010), a súa relación co crecemento (Easterlin, 1974, 1995, 2009; Oswald, 1997; Frey e Stutzer, 2002), a saúde (Musschenga, 1997; Post, 2005; Graham, 2008), etc.

Veenhoven (2005) define a felicidade como “*o grao non cal un individuo avalía a calidade global da súa vida presente «como-un-todo» positivamente. Noutras palabras, canto lle agrada a vida que ten*”. Desta definición dedúcese que a felicidade está moi relacionada coa satisfacción subxectiva coa vida. De feito, e tal e como xa se sinalou, en numerosos artigos ambos os dous conceptos son intercambiabes (Easterlin, 2001; Bjørnskov, 2003; Borooah, 2006; Dolan, Peasgood e White, 2008; Dickes e Klein, 2011).

Entre os posibles factores determinantes do benestar subxectivo, destacamos dous na análise empírica que realizamos neste traballo: o ingreso e o capital social.

Con respecto ao primeiro deles, o ingreso figura en diferentes traballos como un dos determinantes máis importantes da felicidade. Esta relación foi amplamente analizada en Clark, Frijters e Shields (2008) e, en xeral, os resultados suxiren unha

asociación positiva entre ingreso e benestar subxectivo ou felicidade. Relacionado con este determinante podemos mencionar o nivel de emprego ou de desemprego. En xeral a situación de desempregado está relacionada negativamente co nivel de felicidade ou de satisfacción (DiTella, MacCulloch e Oswald, 2001; Gerdtham e Johannesson, 2001; Alesina, DiTella e MacCulloch, 2004; Bottura Corbi e Menezes-Filho, 2006; Ahn e Mochón, 2010; Leite Mota e Trigo Pereira, 2008; Salinas Jiménez, Artés e Salinas Jiménez, 2010; Cuñado e Pérez de Gracia, 2010). O desemprego ten custos, tanto sociais coma individuais, e estes custos inciden negativamente na felicidade e no benestar subxectivo (Frey e Stutzer, 2002).

Polo que respecta ao segundo, logo de analizar varios artigos onde se relaciona capital social e felicidade ou satisfacción (Helliwell, 2001; Bjørnskov, 2003, 2008; Bjørnskov, Dreher e Fischer, 2006, 2007; Hudson, 2006; Borooah, 2006; Winkelmann, 2009; Leung, Kier, Fung, Fung e Sproule, 2010; Ram, 2010; Ahn e Mochón, 2010; Klein, 2011), obsérvase que en xeral o capital social inflúe de forma positiva e significativa no nivel de benestar, medido este pola felicidade ou pola satisfacción subxectiva. Tamén se aprecia que a forma de cuantificar o capital social é bastante diversa, dado que non existe un indicador único e universalmente aceptado como medida daquel, aínda que en gran parte dos estudos aparece a variable “*confianza interpersonal*”.

Agora ben, os estudos empíricos realizados ata o momento son maioritariamente a nivel micro, é dicir, tratan de analizar os factores que condicionan tanto a felicidade coma o benestar subxectivo dos individuos. Existen, porén, algúns autores que trataron o tema no ámbito macroeconómico. Así, Bjørnskov (2003) examina os determinantes da felicidade e a súa relación co capital social para trinta e dous países de Europa, de América e de Asia utilizando datos de varias fontes, empregando como principais determinantes o Ingreso Nacional Bruto *per capita*, o grao de apertura da economía, a inflación, o coeficiente de Gini, a porcentaxe de persoas con educación primaria e secundaria, ou o capital social, entre outros; e como medida da felicidade utiliza os datos de satisfacción coa vida procedentes da terceira onda de WVS (1993), calculando os valores dos países como a frecuencia acumulada dos comportamentos individuais. Este tipo de agregación estandarizouse noutro tipo de indicadores como o nivel educativo ou os de capital social –confianza xeneralizada e participación cívica–. Os resultados mostran que o GDP *per capita* é positivo e significativo; que a inflación é negativa e significativa; que o emprego e a educación non resultan significativos; e que, con respecto ao capital social, a confianza é positiva e significativa.

Seguindo ese traballo, Ram (2010) estuda a relación entre un conxunto de diferentes variables como o PIB *per capita*, o coeficiente de Gini ou a taxa de inflación, etc., e a satisfacción subxectiva, medida pola satisfacción xeral procedente de WVS e por unha variable *proxy* tomada da World Database of Happiness para unha serie de países utilizando datos da *Enquisa mundial de valores* en diferentes

ondas. Os resultados mostran que a variable de capital social, medido pola confianza interpersoal, carece de significatividade na maioría das especificacións estudadas.

Guisán (2009a, 2009b) estuda a relación entre varios indicadores de desenvolvemento económico e do benestar en Europa, Estados Unidos e Canadá, calculando un índice baseado en tres grupos de indicadores. Os resultados indican que os países con maior capital social son os que obteñen maiores valores neste índice.

Dado que se trata dun terreo aínda pouco explorado, adoptamos esa perspectiva macro no noso traballo empírico. Comezaremos expoñendo o modelo que imos estimar e explicando as variables que incorporamos; a continuación, introducimos unha análise de correlación entre as variables consideradas e, finalmente, realizamos a estimación do modelo econométrico e comentamos os seus resultados.

### 3.1. MODELO, DATOS E VARIABLES

#### 3.1.1. Modelo

Da análise da literatura exposta nos epígrafes anteriores, pode sinalarse que no nivel macro os indicadores de felicidade ou benestar subxectivo poden estimarse de acordo cun modelo como o expresado na ecuación (1):

$$\log(y_{it}) = \beta' x_{it}^* + \eta_i + v_{it} \quad (1)$$

#### 3.1.2. Datos


Os datos empregados proceden da enquisa *European Social Survey (ESS)* nas súas correspondentes ondas (2002, 2004, 2006 e 2008). O módulo principal da enquisa utilízase para recoller os cambios ou a continuidade dun amplo rango de variables sociais, incluíndo o uso dos medios; a confianza pública e social; o interese e a participación en política; as orientacións sociopolíticas; o goberno e a súa eficacia; os valores sociais, políticos e morais; a exclusión social; a lealdade nacional, étnica e relixiosa; o benestar; a saúde e a seguridade; os valores humanos e factores demográficos e socioeconómicos. Proporciona datos a nivel país e a nivel rexional. Seleccionamos esta enquisa como punto de partida porque é a que ofrece un maior rango de datos para un maior número de países e porque, ademais, é unha enquisa cunha periodicidade fixa. Por razóns de dispoñibilidade de datos seleccionáronse para realizar esta análise os seguintes países: Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Holanda, Hungría, Irlanda, Noruega, Polonia, Portugal, Reino Unido, Suecia e Suíza. Trátase, polo tanto, dun panel macro de dezanove países en catro anos.

### 3.1.3. Variables

Variable dependente  $Y_{it}$

Como variable dependente  $Y_{it}$  empregáronse tres dimensións recollidas en diferentes preguntas da enquisa: *felicidade*, *satisfacción coa vida*, e unha terceira variable derivada das dúas anteriores denominada *benestar*.


♦ *Felicidade*. Malia a dificultade que presenta resumir nunha soa cuestión a felicidade das persoas, preséntase neste apartado a resposta á pregunta xenérica: “*En termos xerais, en que medida se considera vostede unha persoa feliz ou infeliz?*” As respostas fórmulanse nunha escala de 0 (absolutamente infeliz) a 10 (absolutamente feliz). Para cuantificala agrúpanse os valores de 6 a 10, considerando así a porcentaxe de persoas que se declaran felices, presentando na gráfica 1 e no mapa 1 os resultados.



NOTA: A porcentaxe de felicidade é a media da suma das puntuacións de 6 a 10 na escala de 0 a 10 para os catro anos analizados.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS (2002, 2004, 2006 e 2008).

Mapa 1.- Felicidade



NOTAS: A porcentaxe de felicidade é a media da suma das puntuacións de 6 a 10 na escala de 0 a 10 para os catro anos analizados.

1: Irlanda; 2: Reino Unido; 3: Dinamarca; 4: Noruega; 5: Suecia; 6: Finlandia; 7: Estonia; 8: Polonia; 9: Alemaña; 10: Bélxica; 11: Francia; 12: Portugal; 13: España; 14: Suíza; 15: Austria; 16: Eslovenia; 17: Eslovaquia; 18: Hungría.


FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS (2002, 2004, 2006 e 2008).

Tal e como se reflicte na gráfica 1, todos os países presentan valores por riba do 60% para esta variable, correspondendo os menores valores aos países procedentes do bloque comunista e a Portugal. Sete das dezanove nacións estudadas presentan valores de felicidade superiores ao 90%. O nivel de felicidade mantense bastante estable durante o período analizado, pero cómpre destacar os aumentos –de máis de dez puntos– que se producen en Eslovaquia, Estonia, Polonia, e o descenso que ten lugar en Portugal e en Hungría.

♦ *Satisfacción coa vida.* Outra das dimensións analizadas é a satisfacción coa vida en xeral, para o que se empregan os datos derivados da pregunta: “*En termos xerais, en que medida está vostede satisfeito coa súa vida actualmente?*” Valórase nunha escala de 0 a 10, onde 0 corresponde ao nivel máis baixo de satisfacción ou a unha mala valoración e 10 sería o nivel máis alto. De novo, recodificouse a variable, elixíndose para cuantificar a resposta o valor agregado das categorías 6 a 10, presentando na gráfica 2 e no mapa 2 os resultados.

A porcentaxe de satisfacción global presenta en xeral unha tendencia crecente e pouca variabilidade no período analizado. Os maiores valores –superiores ao 90%– corresponden a Suecia, Finlandia, Dinamarca, Holanda e Suíza. Nos países con valores máis baixos, agás Portugal, apréciase unha significativa tendencia crecente, mentres que no resto apenas existen fluctuacións entre os diferentes anos analizados.


♦ *Benestar*. Esta variable derivase da suma das dúas anteriores, isto é, da satisfacción coa vida e da felicidade. Para a súa construción agrupáronse os valores correspondentes ás puntuacións de 6 a 10 de cada unha das anteriores, asignándose-lles o valor 1; a continuación, súmanse ambas as dúas, e considérase *benestar* cando a suma desas dúas variables toma o valor 2; de aí extráense as porcentaxes correspondentes por país e onda para seren incluídas no modelo econométrico.



NOTA: A porcentaxe de satisfacción coa vida é a media da suma das puntuacións de 6 a 10 na escala de 0 a 10 para os catro anos analizados.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS (2002, 2004, 2006 e 2008).

Mapa 2.- Satisfacción coa vida



NOTAS: A porcentaxe de satisfacción coa vida é a media da suma das puntuacións de 6 a 10 na escala de 0 a 10 para os catro anos analizados.

1: Irlanda; 2: Reino Unido; 3: Dinamarca; 4: Noruega; 5: Suecia; 6: Finlandia; 7: Estonia; 8: Polonia; 9: Alemaña; 10: Países Baixos; 11: Bélxica; 12: Francia; 13: Portugal; 14: España; 15: Suíza; 16: Austria; 17: Eslovenia; 18: Eslovaquia; 19: Hungría.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS (2002, 2004, 2006 e 2008).


#### Variables explicativas $X'_{it}$

◆ *Capital social.* O termo “capital social” é relativamente recente no campo da investigación económica, pero tivo unha grande aceptación dando lugar a un bo número de artigos que relacionan diferentes temas con ese capital.

O capital social pode definirse como a “*confianza, tanto interpersoal como institucional, e os aspectos positivos das redes e das normas sociais que faciliten a creación e o mantemento dunha estrutura social adecuada que, en colaboración con outros capitais, permita sentar as bases para facilitar o crecemento no longo prazo e, polo tanto, un desenvolvemento sostible*”. Elixiuse como variable representativa unha das máis empregadas na literatura sobre este tema: a *confianza interpersoal*, posto que a OCDE (2001) cre que “*a confianza pode ser unha proxy aceptable en ausencia dun conxunto de indicadores máis amplos e máis comprensibles*”.

Os efectos que o capital social pode presentar na sociedade podémoslos analizar desde numerosos enfoques, podendo distinguirse no ámbito económico os que se derivan do bo funcionamento das empresas, do desenvolvemento das economías, do crecemento económico ou de ámbitos máis sociolóxicos como a felicidade.


A pregunta que se formula para analizar o grao de confianza interpersonal é a seguinte: “Diría vostede que, polo xeral, se pode confiar na maioría da xente, ou que nunca se é o bastante prudente no trato cos demais?” Na *European Social Survey* esta pregunta respóndese mediante unha escala de 0 a 10, onde o 0 representa que nunca se é o bastante prudente no trato cos demais e o 10 que se pode confiar. Recodificouse a escala e agrupáronse os valores de 0 a 5 (para medir a desconfianza) e de 6 a 10 (que consideramos como confianza interpersonal). Con ese punto de partida extraéronse as frecuencias de ambos os dous valores, presentándose os resultados na gráfica 3 e no mapa 3.



NOTA: A porcentaxe de confianza é a suma das puntuación de 6 a 10 na escala de 0 a 10.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS (2002, 2004, 2006 e 2008).

Mapa 3.- Confianza interpersonal




NOTA: 1: Irlanda; 2: Reino Unido; 3: Dinamarca; 4: Noruega; 5: Suecia; 6: Finlandia; 7: Estonia; 8: Polonia; 9: Alemaña; 10: Países Baixos; 11: Bélxica; 12: Francia; 13: Portugal; 14: España; 15: Suíza; 16: Austria; 17: Eslovenia; 18: Eslovaquia; 19: Hungría.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS (2002, 2004, 2006 e 2008).

Como se observa na gráfica 3, son os países nórdicos os que presentan unha maior porcentaxe de persoas que afirman que en xeral se pode confiar na xente. Francia e Portugal presentan graos de confianza comparativamente menores que os países da súa contorna, pero mentres que en Francia a situación se mantén máis ou menos estable nos catro anos analizados, en Portugal a confianza presenta un comportamento similar ao de España, cun descenso da confianza no ano 2004, cun aumento no ano 2006 e cun novo descenso no ano 2008, aínda que as variacións son máis acusadas en Portugal que en España. Os menores valores corresponden aos países do centro de Europa que se incorporaron recentemente á Unión Europea –Polonia, Hungría, Eslovaquia e Eslovenia–, o cal parece lóxico, posto que proviñan de réximes comunistas onde se erosiona a confianza social, aínda que o seu grao de confianza interpersonal vai aumentando pouco a pouco. Un caso excepcional é o de Estonia, pois parece que recuperou a súa confianza dunha forma moito máis rápida que os países anteriormente citados, o cal pode deberse ao seu pequeno tamaño, a que unha das súas principais fontes de ingresos é o turismo e a que mantén fortes vínculos con Suecia e con Finlandia. O resto dos países mostra un grao de confianza medio, onde máis do 40% da poboación afirma que se pode confiar na xente.


♦ *PIB per capita*. A última das variables que imos analizar é a que representa o grao de desenvolvemento económico dun país, seleccionándose para a súa cuantificación o Produto Interior Bruto *per capita* (PIB/POB), medido en euros constantes a prezos do ano 2000. Os datos obtivéronse da Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat) e preséntanse na gráfica 4 e no mapa 4.

Os países do leste de Europa, xunto con España e con Portugal, son os que presentan un menor nivel de PIB *per capita*, con menos de 20.000 euros. En todos os países apréciase unha tendencia crecente para esta variable, agás en Irlanda e en Dinamarca no ano 2008, aínda que os niveis de crecemento varían entre os diferentes países. Ata ese ano 2008, Irlanda era un dos países que presentaba unha maior taxa de crecemento do PIB *per capita*, xunto con Noruega, Suecia, Finlandia e Reino Unido. Analizando o crecemento entre o período inicial e o final, os países que máis creceron foron Finlandia, Suíza, Noruega, Suecia e Eslovenia, mentres que no polo oposto se atopan Portugal, Hungría, España, Francia e Eslovaquia.



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da Eurostat.

Mapa 4.- PIB per capita



NOTA: 1: Irlanda; 2: Reino Unido; 3: Dinamarca; 4: Noruega; 5: Suecia; 6: Finlandia; 7: Estonia; 8: Polonia; 9: Alemaña; 10: Países Baixos; 11: Bélxica; 12: Francia; 13: Portugal; 14: España; 15: Suíza; 16: Austria; 17: Eslovenia; 18: Eslovaquia; 19: Hungría.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da Eurostat.

### 3.2. ANÁLISE DE CORRELACIÓN


Utilizando os datos anteriormente expostos, a continuación estúdase a relación que existe entre as variables consideradas.

Na gráfica 5 preséntase a relación entre a felicidade –que representa a porcentaxe de persoas que afirman que son felices– e a satisfacción xeral –que representa a porcentaxe de persoas que afirman estar satisfeitas coa vida en xeral– na que, tal e como se prevía, ambas as dúas variables están altamente correlacionadas, dado que, como xa se mencionou, en numerosos artigos se utilizan de forma indistinta.

Na gráfica 6 analizamos a relación entre o capital social –medido pola confianza– e as dúas variables de benestar –a felicidade e a satisfacción xeral–. A confianza representa a porcentaxe de persoas que afirman que se pode confiar na xente, mentres que a felicidade representa a porcentaxe de persoas que afirman que son felices.

En xeral, obsérvase que os países cun maior nivel de capital social tamén son os que presentan un maior nivel de felicidade, cunha relación máis forte nos países nórdicos. Cómpre sinalar que mentres que os niveis de felicidade sempre se sitúan por riba do 50%, os de confianza varían entre menos dun 20% e un 80%.


**Gráfica 5.-** Relación entre felicidade e satisfacción xeral





AT: Austria; BE: Bélxica; CH: Suíza; DE: Alemaña; DK: Dinamarca; EE: Estonia; ES: España; FI: Finlandia; FR: Francia; HU: Hungría; IE: Irlanda; NL: Países Baixos; NO: Noruega; PL: Polonia; PT: Portugal; SE: Suecia; SI: Eslovenia; SK: Eslovaquia; UK: Reino Unido.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS (2002, 2004, 2006 e 2008).

**Gráfica 6.-** Relación entre confianza e felicidade





AT: Austria; BE: Bélxica; CH: Suíza; DE: Alemaña; DK: Dinamarca; EE: Estonia; ES: España; FI: Finlandia; FR: Francia; HU: Hungría; IE: Irlanda; NL: Países Baixos; NO: Noruega; PL: Polonia; PT: Portugal; SE: Suecia; SI: Eslovenia; SK: Eslovaquia; UK: Reino Unido.



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS (2002, 2004, 2006 e 2008).


Na gráfica 7 analizamos a relación entre a confianza –que representa a porcentaxe de persoas que afirman que se pode confiar na xente– e a satisfacción xeral –que representa a porcentaxe de persoas que afirman estar satisfeitas coa vida en xeral–.

Novamente, son os países do leste de Europa, xunto con Portugal, os que presentan menores valores para ambas as dúas variables, sendo a relación máis forte nos países nórdicos e en Dinamarca. Non se observan grandes variacións nos niveis de satisfacción durante os anos considerados, podéndose apreciar un lixeiro crecemento do capital social nese período.

Os resultados de analizar as variables de benestar subxectivo e de capital social con respecto ao Produto Interior Bruto *per capita* presentámoslos nas gráficas 8, 9 e 10.

Gráfica 7.- Relación entre confianza e satisfacción xeral






AT: Austria; BE: Bélxica; CH: Suíza; DE: Alemaña; DK: Dinamarca; EE: Estonia; ES: España; FI: Finlandia; FR: Francia; HU: Hungría; IE: Irlanda; NL: Países Baixos; NO: Noruega; PL: Polonia; PT: Portugal; SE: Suecia; SI: Eslovenia; SK: Eslovaquia; UK: Reino Unido.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS (2002, 2004, 2006 e 2008).


**Gráfica 8.-** Relación entre felicidade e PIB per capita



AT: Austria; BE: Bélxica; CH: Suíza; DE: Alemaña; DK: Dinamarca; EE: Estonia; ES: España; FI: Finlandia; FR: Francia; HU: Hungría; IE: Irlanda; NL: Países Baixos; NO: Noruega; PL: Polonia; PT: Portugal; SE: Suecia; SI: Eslovenia; SK: Eslovaquia; UK: Reino Unido.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS e da Eurostat (2002, 2004, 2006 e 2008).

**Gráfica 9.-** Relación entre satisfacción xeral e PIB per capita





AT: Austria; BE: Bélxica; CH: Suíza; DE: Alemaña; DK: Dinamarca; EE: Estonia; ES: España; FI: Finlandia; FR: Francia; HU: Hungría; IE: Irlanda; NL: Países Baixos; NO: Noruega; PL: Polonia; PT: Portugal; SE: Suecia; SI: Eslovenia; SK: Eslovaquia; UK: Reino Unido.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS e da Eurostat (2002, 2004, 2006 e 2008).

Tal e como sucedía coas variables anteriores, os países nórdicos sitúanse na parte superior dereita do cuadrante, indicando que un maior PIB e un maior capital social condicionan a felicidade xeral da poboación destes países.

**Gráfica 10.-** Relación entre confianza e PIB per capita





AT: Austria; BE: Bélxica; CH: Suíza; DE: Alemaña; DK: Dinamarca; EE: Estonia; ES: España; FI: Finlandia; FR: Francia; HU: Hungría; IE: Irlanda; NL: Países Baixos; NO: Noruega; PL: Polonia; PT: Portugal; SE: Suecia; SI: Eslovenia; SK: Eslovaquia; UK: Reino Unido.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ESS e da Eurostat (2002, 2004, 2006 e 2008).

A modo de resumo das variables expostas ao longo deste epígrafe, podemos sinalar que as sociedades europeas máis desenvolvidas, cun maior PIB *per capita*, presentan, ademais, os maiores niveis de “calidade de vida”. Trátase de sociedades nas que o nivel de civismo é moi elevado, determinado en gran medida pola confianza nos seus concidadáns, o que determina, así mesmo, uns elevados niveis de felicidade percibida polos seus habitantes. Os tópicos, ás veces discutidos, de que unha maior renda e nivel educativo implican un maior nivel de benestar percibido confirmáanse, deste modo, na análise macro dos países europeos.

### 3.3. ANÁLISE ECONOMÉTRICA

De acordo co modelo proposto na ecuación (1) analizada no epígrafe anterior, neste apartado trataremos da análise a nivel macro dalgúns dos determinantes da felicidade, da satisfacción e do benestar subxectivo, que serán considerados como variables independentes. Como determinantes utilizaremos, tal e como xa se explicou, o Produto Interior Bruto *per capita*, o nivel de emprego *per capita* e varias medidas de capital social: a confianza interpersonal e dúas medidas de confianza derivadas dunha análise de compoñentes principais que representan a confianza social e a confianza institucional.

A inclusión da variable confianza realízase xeralmente a través da variable *trust*, ou o que se deu en denominar “confianza horizontal”. Co obxectivo de mellorar a súa cuantificación, seleccionamos distintas preguntas da enquisa que recollen diferentes dimensións da confianza. Na táboa 1 preséntanse as variables seleccionadas da enquisa que se empregan para realizar a análise de compoñentes principais sobre a confianza.

A matriz de correlacións entre as variables orixinais e os dous compoñentes, unha vez rotada a solución para permitir unha mellor interpretación dos datos, é a que se presenta na táboa 2. Nela móstranse as cargas factoriais para cada un dos

compoñentes, observándose claramente que o primeiro compoñente se refire ao que poderíamos denominar “confianza institucional”, posto que recolle a confianza no Parlamento nacional, no sistema xudicial, na policía, nos políticos, no Parlamento Europeo e nas Nacións Unidas; mentres que o segundo compoñente reflicte a “confianza social”, xa que os seus compoñentes recollen a información das variables da confianza interpersoal e do que denomináramos confianza social.

Una vez obtidos os compoñentes, imos estimar o modelo econométrico, que presentamos na táboa 3.

**Táboa 1**

PREGUNTA NA ENQUISA	FUNCIÓN
Débase confiar na maioría das persoas ou nunca se é o bastante prudente no trato cos demais. Escala de 0 (nunca se é bastante prudente) a 10 (pódese confiar na maioría da xente)	Medir a confianza interpersoal
A maioría das persoas intenta aproveitarse (0) ou trataría de ser honrada. Escala de 0 (intentaría aproveitarse) a 10 (trataría de ser honrada)	Medir a confianza social
A maioría das veces a xente intenta axudar aos demais ou principalmente mira por si mesma. Escala de 0 (mira por si mesma) a 10 (intenta axudar aos demais)	
Nivel de confianza en cada unha das seguintes institucións: Parlamento nacional, sistema xudicial, policía, políticos, Nacións Unidas, Parlamento Europeo. Escala de 0 (nada de confianza) a 10 (confianza total)	Medir a confianza institucional

**Táboa 2.-** Matriz de compoñentes da ACP sobre a confianza

MATRIZ DE COMPOÑENTES ROTADOS		
KMO: 0,852	COMPOÑENTES	
	Confianza institucional	Confianza social
Confianza no Parlamento nacional	,783	
Confianza no sistema xudicial	,739	
Confianza na policía	,629	
Confianza nos políticos	,762	
Confianza no Parlamento Europeo	,790	
Confianza nas Nacións Unidas	,763	
Débase confiar na maioría das persoas ou nunca se é bastante prudente no trato cos demais		,809
A maioría intenta aproveitarse ou trata de ser honrada		,797
A maioría intenta axudar aos demais ou mira por si mesma		,760
Método de extracción: análise de compoñentes principais. Método de rotación: normalización Varimax con Kaiser.		

**Táboa 3.-** Resultados das estimacións do modelo

	FELICID.	FELICID.	SATISFAC.	SATISFAC.	BENESTAR	BENESTAR
Constante	-1,270	-1,933**	-2,105**	-2,418***	-2,398**	-2,722***
PIB <i>per capita</i> (log)	0,252***	0,319***	0,347***	0,374***	0,370***	0,401***
Emprego <i>per capita</i> (log)	0,517***	0,335**	0,610***	0,480***	0,595***	0,457***
PS2	-0,001	-0,001	-0,001	-0,001	-0,001	-0,002
Confianza interpersoal	0,309***		0,122		0,186	
Confianza institucional (ACP)		0,061***		0,004**		0,004*
Confianza social (ACP)		0,109**		0,080*		0,101*
Método	MCO-FE	MCO-FE	MCO-FE	MCO-FE	MCO-FE	MCO-FE
R <sup>2</sup>	0,98	0,98	0,98	0,99	0,99	0,99
Observacións	72	72	72	72	72	72

Os resultados obtidos nas variables económicas PIB e emprego son consistentes coas estimacións que habitualmente se presentan na literatura (Clark, Frijters e Shields, 2008). O desemprego ten custos, tanto sociais coma individuais, e estes custos inciden negativamente na felicidade e no benestar subxectivo (Frey e Stutzer, 2002).

Neste traballo incluíronse distintos factores que tratan de medir o capital social, e que podemos resumir no que na literatura se denominou *trust* ou confianza horizontal e confianza vertical ou “institucional”. O capital social, medido pola confianza interpersonal, resulta significativo e positivo en relación coa felicidade, non resultando significativo en relación coa satisfacción e co benestar. A achega realizada empregando indicadores sintéticos da confianza, a través dos compoñentes extraídos das variables da enquisa, permite sinalar a confianza horizontal e vertical das sociedades como elementos determinantes do grao de felicidade, de satisfacción coa vida ou de benestar xeral. Os efectos do capital social non só son positivos para o crecemento na súa relación co PIB *per capita* (termos obxectivos do desenvolvemento)<sup>8</sup>, senón tamén para a súa medida subxectiva (felicidade, satisfacción ou benestar). En consecuencia, fomentar as redes e a confianza nas institucións constitúense como factores clave para lograr un maior desenvolvemento e unha calidade de vida nos países que se situaron no nivel máis elevado do desenvolvemento económico.

#### 4. REFLEXIÓNS FINAIS E CONCLUSIÓNS

A medición da riqueza das nacións, a cuantificación dos factores que a condicionan, así como os elementos que poden contribuír a ela é unha preocupación latente na economía desde as primeiras escolas de pensamento económico. Neste sentido, producíronse notables avances na que se denominou “contabilidade do crecemento”, ampliando os clásicos factores de produción, capital e traballo e incluíndo o capital humano, ou ben outros que se poderían incluír como determinantes do investimento (emprendemento) ou ben como factores explicativos do que se denominou “residuo de Solow”, como é o capital social. Desde a década dos anos setenta na que se comeza a afianzar a necesidade de “medir” o capital humano e de incluílo como factor de produción, pasarán varias décadas ata que se consolide como un verdadeiro “capital”, de modo que xa non sexa discutible o seu efecto no desenvolvemento. A partir de comezos do século XXI, esténdese a inclusión de aspectos como a confianza, a gobernanza ou a corrupción, elementos que a socioloxía e a psicoloxía viñan tratando desde antigo, pero que comezan a formar parte da preocupación dos economistas. Así, a literatura sobre o capital social no campo económico empeza a ter forza, de modo que a OCDE inclúe indicadores

<sup>8</sup> Para unha revisión da literatura dos efectos do capital social nas economías desenvolvidas, véxase Neira, Portela e Vázquez (2009).

deste tipo nas estatísticas sociais e constitúese como unha das súas liñas de análise, non só en países en desenvolvemento, onde a corrupción, os índices de Gini, etc. alcanzan unha gran relevancia, senón tamén nas economías máis desenvolvidas. Pero aos economistas aínda nos quedaba un salto máis na cuantificación do crecemento; parecía aceptarse a necesidade de indicadores sociais, ou subxectivos, do comportamento dos individuos como elementos clave no desenvolvemento, pero cabería preguntarse se son eses elementos subxectivos de percepción do individuo en si mesmos un elemento clave para medir o desenvolvemento.

O desenvolvemento da que poderíamos denominar “economía da felicidade” fixo que economistas como Layard (2005) se formularan a necesidade de analizar factores como a felicidade, que xa podemos medir e que ofrece información de interese tanto para a ciencia económica como para a política económica. A proliferación de enquisas a nivel mundial nas que se inclúen variables de satisfacción e felicidade permitiu trasladar conceptos procedentes do ámbito teórico ao terreo empírico, tal e como sucedeu no seu momento co capital humano e co capital social. Do mesmo modo que se tardaron décadas en aceptar a porcentaxe de poboación activa cun determinado nivel de formación ou o número de anos de estudos como *proxy* do capital humano, a felicidade, a súa medición, os seus determinantes e os seus posibles efectos no desenvolvemento económico ou na medición do desenvolvemento das sociedades atópanse en plena explosión de análise.

Neste traballo analizáronse os factores que poden condicionar a felicidade, a satisfacción ou o benestar dos individuos para un conxunto de países da OCDE. Da análise descritiva e das simples correlacións podemos situar os países nórdicos como os que presentan uns maiores niveis de capital social, tanto na súa dimensión horizontal (cos demais), como vertical (institucións), presentando, ademais, unhas elevadas correlacións positivas con outros factores indicativos desa percepción subxectiva da calidade de vida.

Co obxecto de contribuír a un maior coñecemento do tema, estimáronse diferentes modelos dos determinantes macroeconómicos tanto da felicidade como da satisfacción coa vida ou do benestar. Tal e como sucede na maior parte da literatura analizada, o ingreso constitúese como un dos determinantes do que poderíamos denominar, a modo de resumo, “calidade de vida”. A análise realizada para o capital social permite concluír o poder das redes e da confianza nos cidadáns e nas institucións como determinantes non só do crecemento das economías, senón tamén do benestar dos cidadáns que as compoñen.

## BIBLIOGRAFÍA

- AHN, N.; MOCHÓN, F. (2010): “La felicidad de los españoles: factores explicativos”, *Revista de Economía Aplicada*, XVIII (54), pp. 5-31.
- ALESINA, A.; DI TELLA, R.; MACCULLOCH, R. (2004): “Inequality and Happiness: Are Europeans and Americans Different?”, *Journal of Public Economics*, 88, pp. 2009-2042.

- BJØRNSKOV, C. (2003): "The Happy Few: Cross-Country Evidence on Social Capital and Life Satisfaction", *Kyklos*, 56 (1), pp. 3-16.
- BJØRNSKOV, C. (2008): "Social Capital and Happiness in the United States", *Applied Research Quality Life*, 3, pp. 43-62.
- BJØRNSKOV, C.; DREHER, A.; FISCHER, J. (2006): *Cross-Country Determinants of Life Satisfaction: Exploring Different Determinants Across Groups in Society*. (Arbeitspapiere/Working Papers, 145). Konjunkturforschungsstelle. Swiss Institute for Business Cycle Research. Eidgenössische Technische Hochschule Zürich. Swiss Federal Institute of Technology Zurich.
- BJØRNSKOV, C.; DREHER, A.; FISCHER, J. A. (2007): "The Bigger the Better? Evidence of the Effect of Government Size on Life Satisfaction Around the World", *Public Choice*, 130, pp. 267-292.
- BONO, E.; NÁCHER, J.; TOMÁS CARPI, J.A. (2000): "Política de calidad de vida", en L. Gámir [ed.]: *Política económica de España*. 7ª ed. Madrid: Alianza.
- BOROOAH, V.K. (2006): "What Makes People Happy? Some Evidence from Northern Ireland", *Journal of Happiness Studies*, 7, pp. 427-465.
- BOTTURA CORBI, R.; MENEZES-FILHO, N. (2006): "Os determinantes empíricos da felicidade no Brasil", *Revista de Economia Política*, 26 (4), pp. 518-536.
- CLARK, A.E.; FRIJTERS, P.; SHIELDS, M.A. (2008): "Relative Income, Happiness, and Utility: An Explanation for the Easterlin Paradox and Other Puzzles", *Journal of Economic Literature*, 46 (1), pp. 95-144.
- CONSTANZA, R. *et al.* (2007): "Quality of Life: An Approach Integrating Opportunities, Human Needs, and Subjective Well-Being", *Ecological Economics*, 61 (2-3), pp. 267-276.
- CUÑADO, J.; PÉREZ DE GRACIA, F. (2010): "Does Education Affect Happiness? Evidence for Zaragoza, Spain", *XIX Meeting of the Economics of Education Association*.
- DICKES, P.; KLEIN, C. (2011): *Satisfaction in Life Conditions and Well-Being*. (Working Paper, 2011-03). Luxembourg: CEPS/INSTEAD.
- DI TELLA, R.; MACCULLOCH, R.J.; OSWALD, A.J. (2001): "Preferences Over Inflation and Unemployment: Evidence of Surveys of Happiness", *American Economic Review*, 91, pp. 335-341.
- DOLAN, P.; PEASGOOD, T.; WHITE, M. (2008): "Do we Really Know what Makes us Happy? A Review of the Economic Literature on the Factors Associated with Subjective Well-Being", *Journal of Economic Psychology*, 29, pp. 94-122.
- EASTERLIN, R.A. (1974): "Does Economic Growth Improve the Human a Lot", en A.D. Paul e W.R. Mel [ed.]: *Nations and Households in Economic Growth: Essays in Honor of Moses Abramovitz*. New York/London: Academic Press.
- EASTERLIN, R.A. (1995): "Will Raising the Incomes of all Increase the Happiness of All?", *Journal of Economic Behavior and Organization*, 27 (1), pp. 35-47.
- EASTERLIN, R.A. (2001): "Income and Happiness: Towards a Unified Theory", *The Economic Journal*, 111, pp. 465-484.
- EASTERLIN, R.A.; ANGELESCU, L. (2009): *Happiness and Growth the World Over: Time Series Evidence on the Happiness-Income Paradox*. (Discussion Paper, 4060). IZA.
- ENGELBRECHT, H.J. (2009): "Natural Capital, Subjective Well-Being, and the New Welfare Economics of Sustainability: Some Evidence from Cross-Country Regressions", *Ecological Economics*, 69 (2), pp. 380-388.
- EUROPEAN SOCIAL SURVEY (2002): *European Social Survey Round 1 Data 2002. Data File Edition 6.1*. Norwegian Social Science Data Services.

- EUROPEAN SOCIAL SURVEY (2004): *European Social Survey Round 2 Data 2004. Data File Edition 3.1*. Norwegian Social Science Data Services.
- EUROPEAN SOCIAL SURVEY (2006): *European Social Survey Round 3 Data 2006. Data File Edition 3.2*. Norwegian Social Science Data Services.
- EUROPEAN SOCIAL SURVEY (2008): *European Social Survey Round 4 Data 2008. Data File Edition 1.0*. Norwegian Social Science Data Services.
- FERNÁNDEZ DÍAZ, A.; PAREJO GAMIR, J.; RODRÍGUEZ SÁIZ, L. (2005): *Política económica*. 4ª ed. Madrid: McGraw Hill.
- FREY, B. (2008): *Happiness: A Revolution in Economics (Munich Lectures in Economics)*. The MIT Press.
- FREY, B.; STUTZER, A. (2002a): *Happiness and Economics. How the Economy and Institutions Affect Human Well-Being*. Princeton: Princeton University Press.
- FREY, B.; STUTZER, A. (2002b): "What can Economists Learn from Happiness Research?", *Journal of Economic Literature*, pp. 402-435.
- GASPER, D. (2004): *Human Well-Being: Concepts and Conceptualization*. Helsinki: United Nations University, World Institute for Development Economics Research (WIDER).
- GERDTHAM, U.G.; JOHANNESSON, M. (2001): "The Relationship Between Happiness, Health, and Socio-Economic Factors: Results Based on Swedish Microdata", *Journal of Socio-Economics*, 30 (6), pp. 553-557.
- GRAHAM, C. (2008): "Happiness And Health: Lessons and Questions for Public Policy", *Health Affairs*, 27 (1), pp. 72-87.
- GROOTAERT, C.; VAN BASTELAER, T. (2001): *Understanding and Measuring Social Capital: A Synthesis of Findings and Recommendations from the Social Capital Initiative*. (Initiative Working Paper, 24). Washington D.C.: World Bank.
- GUISÁN, M.C. (2009a): "Education, Health And Economic Development: A Survey Of Quantitative Economic Studies", *Regional and Sectoral Economic Studies*, 9 (1), pp. 129-148.
- GUISÁN, M.C. (2009b): "Government Effectiveness, Education, Economic Development And Well-Being: Analysis Of European Countries In Comparison With The United States And Canada, 2000-2007", *Applied Econometrics and International Development*, 9 (1), pp. 39-55.
- HELLIWELL, J. F. (2001): "Social Capital, the Economy and Well-Being", en K. Banting, A. Sharpe e F. St. Hilarie [ed.]: *The Review of Economic Performance and Social Progress. The Longest Decade: Canada in the 1990s*, pp. 43-60. Montreal: The Institute for Research on Public Policy.
- HUDSON, J. (2006): "Institutional Trust and Subjective Well-Being Across the EU", *Kyklos*, 59, pp. 43-62.
- INGLEHART, R.; FOA, R.; PETERSON, C.Y. (2008): "Development, Freedom and Rising Happiness", *Perspectives on Psychological Science*, 3 (4), pp. 264-285.
- KAHNEMAN, D.; KRUEGER, A.B.; SCHKADE, D.; SCHWARZ, N.; STONE, A. (2004): "Toward National Well-Being Accounts", *American Economic Review*, 94 (2), pp. 429-434.
- KAHNEMAN, D.; WAKKER, P.P.; SARIN, R. (1997): "Back to Bentham? Explorations of Experienced Utility", *Quarterly Journal of Economics*, 112 (2), pp. 375-405.
- KLEIN, C. (2011): *Do we Need Social Cohesion to be Happy?* (Working Paper, 2011-06). Luxembourg: CEPS/INSTEAD.
- LAYARD, R. (2005): *La felicidad. Lecciones aprendidas de una nueva ciencia*. (Traducción de V. Gordo del Rey e M. Ramírez). México: Taurus Pensamiento.

- LEITE MOTA, G.; TRIGO PEREIRA, P. (2008): *Happiness, Economic Well-Being, Social Capital and the Quality of Institutions*. (Working Paper, 40/2008/DE/UECE). Technical University of Lisbon, School of Economics and Management, Department of Economics.
- LEUNG, A.; KIER, C.; FUNG, T.; FUNG, L.; SPROULE, R. (2010): "Searching for Happiness: The Importance of Social Capital", *Journal of Happiness Studies*, pp. 1-20.
- MAX-NEEF, M. (1993): *Desarrollo a escala humana*. Barcelona: Icaria.
- MUSSCHENGA, A.W. (1997): "The Relation Between Concepts of Quality-of-Life, Health and Happiness", *Journal of Medicine and Philosophy*, 22 (1), pp. 11-28.
- NUSSBAUM, M. (2000): *Women and Human Development*. Cambridge: Cambridge University Press.
- OECD (2001): *The Well-Being of Nations. The Role of Human and Social Capital*. Paris: OECD, Centre for Educational Research and Innovation.
- OSWALD, A.J. (1997): "Happiness and Economic Performance", *Economic Journal*, 104 (445), pp. 1815-1831.
- PENA LÓPEZ, J.A.; SÁNCHEZ SANTOS, J.M. (2010): "Economía y felicidad: un análisis empírico de los determinantes del bienestar", *World Economy Meeting XII*. Santiago de Compostela.
- POST, S. (2005): "Altruism, Happiness, and Health: It's Good to be Good", *International Journal of Behavioral Medicine*, 12 (2), pp. 66-77.
- RAM, R. (2010): "Social Capital and Happiness: Additional Cross-Country Evidence", *Journal of Happiness Studies*, 11, pp. 409-418.
- RUTA, D.; CAMFIELD, L.; DONALDSON, C. (2007): "Sen and the Art of Quality of Life Maintenance: Towards a General Theory of Quality of Life and its Causation", *The Journal of Socio-Economics*, 36, pp. 397-423.
- SALINAS JIMÉNEZ, M.D.; ARTÉS, J.; SALINAS JIMÉNEZ, J. (2010): "Income, Motivation, and Satisfaction with Life: An Empirical Analysis", *Journal of Happiness Studies*, 11, pp. 779-793.
- SÁNCHEZ MOLINERO, J.; DE SANTIAGO HERNANDO, R. (1998): *Utilidad y bienestar. Una historia de las ideas sobre la utilidad y el bienestar social*. Madrid: Síntesis.
- SEN, A. (1993): "Capability and Well-Being", en M. Nussbaum e A. Sen [ed.]: *The Quality of Life*, pp. 30-53. Oxford: Clarendon Press.
- TRAVERS, P.; RICHARDSON, S. (1993): "Material Well-Being and Human Well-Being", en F. Ackerman, D. Kiron, N. Goodwin, J. Harris e K. Gallagher [ed.]: *Human Well-Being and Economic Goals*. Washington D.C.: Island Press.
- VEENHOVEN, R. (2000): "The Four Qualities of Life. Ordering Concepts and Measures of the Good Life", *Journal of Happiness Studies*, 1, pp. 1-39.
- VEENHOVEN, R. (2005): "Lo que sabemos de la felicidad", en L. Garduño Estrada, B. Salinas Amescua e M. Rojas Herrera: *Calidad de vida y bienestar subjetivo en México*, pp. 17-56. México: Plaza y Valdés.
- VEENHOVEN, R. (2009): "Measures of Gross National Happiness", *Intervención Psico-social*, 18 (3), pp. 279-299.
- WINKELMANN, R. (2009): "Unemployment, Social Capital, and Subjective Well-Being", *Journal of Happiness Studies*, 10, pp. 421-430.